

ARENDT TEXTO 1

“Dende os gregos sabemos que unha vida política moi evolucionada alberga unha enraizada suspicacia cara esta esfera privada, unha profunda hostilidade cara o inquietante milagre contido no feito de que cada un de nós fique como é –singular, único, inmutable. Toda esta esfera do simplemente outorgado, relegada á vida privada na sociedade civilizada, constitúe unha ameaza permanente á esfera pública porque **a esfera pública está tan consecuentemente baseada na lei da igualdade como a esfera privada está baseada na lei da diferenza e da diferenciación universais**. A igualdade, a diferenza a todo o que está implicado na simple existencia, non nos é outorgada, senón que é o resultado da organización humana, en tanto que se guía polo principio da xustiza. **Non nacemos iguais, chegamos a sê-lo como membros dun grupo pola forza da nosa decisión de concedernos mutuamente dereitos iguais**. A nosa vida política descansa na presunción de que podemos producir a igualdade a través da organización, porque o home pode actuar nun mundo común, cambialo e construílo, xunto cos seus iguais e só cos seus iguais.”

ARENDT, H.: As orixes do totalitarismo (Segunda parte, Capítulo 9: A decadencia do estado-nación e o fin dos dereitos).

CONTEXTO

Arendt nutríuse de diversas correntes filosóficas, comezando pola **ética kantiana**, coa súa énfase na autonomía e a responsabilidade individual, que influíu profundamente na concepción arendtiana do xuízo e a acción política. Arendt retomou a idea kantiana do xuízo reflexionante, aplicándoa ao ámbito político e moral, destacando a capacidade dos individuos para xulgar sen recorrer a regras preestablecidas. A isto súmase, a tradición clásica grega, e o existencialismo contemporáneo. A súa formación inicial con Martin Heidegger e Karl Jaspers introduciuna na fenomenoloxía e a filosofía existencial, correntes que influíron na súa análise da experiencia humana e a natureza do ser. A fenomenoloxía de Edmund Husserl, coa súa énfase na intencionalidade da conciencia e a importancia da experiencia vivida, proporcionou a Arendt ferramentas para analizar a forma en que os individuos perciben e dan sentido ao mundo. O existencialismo de Jean-Paul Sartre, coa súa énfase na liberdade, a responsabilidade e a angustia existencial, resonou coa preocupación de Arendt pola condición humana nun mundo marcado pola incerteza e a violencia. Porén, o seu pensamento transcendeu estas influencias, desenvolvendo unha perspectiva orixinal que combinaba a reflexión filosófica coa análise histórica e política.

COMENTARIO

O fragmento proposto de Hannah Arendt pertence á súa obra “As orixes do totalitarismo”. Nel reflíctese unha das preocupacións centrais do seu pensamento: a relación entre

igualdade, pluralidade e esfera pública, no contexto da modernidade e das ameazas totalitarias.

En canto ao **tema principal**, o texto aborda a tensión entre a esfera pública e a esfera privada, destacando que a igualdade política non é natural, senón unha construción artificial baseada na organización e na decisión colectiva.

Arendt defende que a política auténtica só é posible entre iguais, pero esa igualdade non vén dada pola natureza, senón pola acción humana.

Segundo Arendt a igualdade é un produto político, resultado do acordo entre individuos que deciden recoñecerse mutuamente como iguais en dereitos. Pola contra, a esfera privada está marcada pola diferenza natural entre os individuos, o que pode representar unha ameaza para a vida pública se non se regula adecuadamente.

En primeiro lugar, a filósofa de Hannover recorre á tradición grega para sinalar que xa desde a Antigüidade existe desconfianza cara á esfera privada. Esta desconfianza xorde porque na vida privada domina a singularidade (cada individuo é único e irrepetible), mentres que a esfera pública require igualdade para funcionar.

Est idea pode relacionarse directamente co concepto de **acción ("action")** desenvolvido por Arendt en *"A condición humana"*. A tradición grega desconfía da esfera privada porque nela domina a singularidade e a diferenza, mentres que a esfera pública require igualdade. Isto enlaza coa noción arendtiana de **acción** como actividade propia do espazo público, onde os individuos non actúan como seres puramente particulares (marcados polas súas diferenzas naturais), senón como cidadáns que se recoñecen mutuamente como iguais.

Para Arendt, a acción é a actividade máis propiamente humana porque se desenvolve entre unha **pluralidade** de individuos. Esta pluralidade implica unha tensión fundamental: por unha banda, todos somos iguais en canto capaces de participar na vida política; por outra, somos distintos e singulares. O que sinala o fragmento é que esa diferenza, propia da esfera privada, debe quedar en segundo plano para facer posible a acción política que é o espazo onde se realiza a liberdade.

Así que, a existencia da esfera pública é a condición da posibilidade da acción: só cando os individuos se recoñecen como iguais poden actuar "en concerto", deliberar e construír libremente un mundo común. Sen esa igualdade política, a acción desaparecería ou degradaríase en dominación.

En segundo lugar, Arendt establece unha oposición fundamental: **"a esfera pública está tan consecuentemente baseada na lei da igualdade como a esfera privada está baseada na lei da diferenza e da diferenciación universais"**. Esta diferenza natural (biolóxica, social, individual) non pode ser eliminada. de aquí a importancia de defender a pluralidade xa que

é a **condición básica da vida política**. A pluralidade maniféstase a través da **acción e do discurso**: ao actuar e falar en público, cada individuo revela “quen é”, mostra a súa identidade única diante dos demais. Por iso, para Arendt, a política non consiste en eliminar as diferenzas, senón en **convivir con elas nun espazo común de igualdade de dereitos**.

Este tema enlázase cos súa idea de que o ser humano nace dúas veces. **O primeiro nacemento é o feito biolóxico**, o nacemento físico, o momento en que chegamos ao mundo como organismos vivos. Dende a súa perspectiva cada nacemento representa un novo comezo e a introdución dunha novidade no mundo. **O segundo nacemento consiste na acción e o discurso**. Aquí nacemos por segunda porque nos inserimos no mundo humano a través da **palabra** e da **acción**, revelando quen somos e comezando algo que non existía antes de nós.

En terceiro lugar, introduce unha idea central do seu pensamento: **“Non nacemos iguais, chegamos a selo como membros dun grupo pola forza da nosa decisión de concedernos mutuamente dereitos iguais”**. Isto implica que a igualdade non é un feito natural nin biolóxico, senón unha creación política baseada na xustiza e na concesión recíproca de dereitos.

Os réximes totalitarios, como o nazismo e o estalinismo, destrúen precisamente esta igualdade política ao eliminar a pluralidade e reducir os individuos a masas uniformes. Ao mesmo tempo, manipulan as masas apelando á “lei natural” no caso do nazismo e á “lei da historia” no caso do estalinismo, para xustificar diferenzas raciais ou sociais (os enemigos do partido) repsecitvamente. Desta maneira se xustifica moralmente a súa exclusión e eliminación.

Ademais, o texto conecta coa súa crítica que arendt move á modernidade: a expansión da esfera privada e dos intereses individuais provoca a **“perda do mundo”**, é dicir, a debilitación do espazo público onde os individuos poden actuar como cidadáns. Na súa propia terminoloxía “perda do mundo” significa a eliminación da esfera pública de acción e discurso, en favor do mundo privado e a persecución de intereses económicos particulares. Neste contexto, Arendt reflexiona sobre a necesidade de recuperar un sentido de pertenza e unha conexión xenuína cos demais, revitalizando a esfera pública. Polo que a tarefa, para ela, é máis ben rescatar aqueles elementos do pasado que aínda son capaces de iluminar a nosa situación. E cre ver isto na antiga noción da **“praxe”** Aristotélica, o coñecemento ético-político que remite á acción libre ou electiva, porque busca a virtude, a regra da «boa acción»

RELACIÓN CON PENSADORES POSTERIORES

A influencia de Hannah Arendt esténdese a través de diversas disciplinas, impactando profundamente a pensadores contemporáneos como Jürgen Habermas, Sheldon Wolin e Judith Butler.

Habermas, coñecido pola súa teoría da acción comunicativa, atopa en Arendt unha fonte crucial para a súa reflexión sobre a esfera pública e a democracia; a preocupación de Arendt pola acción política e o discurso público resoa na idea habermasiana dunha esfera pública onde os cidadáns participan no debate racional, e ambos comparten a inquietude pola erosión da esfera pública e a importancia da participación cidadá.

Wolin, un teórico político, baséase na análise de Arendt sobre o totalitarismo para desenvolver o seu concepto de "**democracia totalitaria**"; a crítica de Arendt aos réximes autoritarios proporciona a Wolin un marco para analizar as tendencias antidemocráticas nas sociedades contemporáneas, e Wolin comparte a preocupación pola perda de participación cidadá e as consecuencias que isto leva para a democracia.

Butler, unha filósofa e teórica de xénero, inspírase no concepto arendtiano da performatividade da acción para a súa teoría da performatividade de xénero; a análise de Arendt sobre como as accións e o discurso constrúen a realidade política inflúe na comprensión de Butler sobre como se constrúen as identidades de xénero.

ARENDT (texto 2)

A iniciativa intelectual, espiritual e artística é tan perigosa para o totalitarismo como o é a iniciativa do gánster para o populacho, e as dúas son mais perigosas que a simple oposición política. A implacable persecución de cada forma superior de actividade intelectual polos novos dirixentes de masas procede dalgo mais que do seu resentimento natural contra todo o que non son quen de comprender. A dominación total non permite a libre iniciativa en campo algún da vida, tampouco ningunha actividade que non sexa abertamente previsible. O totalitarismo no poder substitúe invariablemente a todos os talentos de primeira fila, cales foran as súas simpatías, por aqueles fanáticos e tolos nos que a carencia de intelixencia e de creatividade segue a ser a mellor garantía da súa lealdade.

ARENDT, H.: As orixes do totalitarismo (Terceira parte, Capítulo 10: Unha sociedade sen clases).

CONTEXTO

Arendt nutriuse de diversas correntes filosóficas, comezando pola **ética kantiana**, coa súa énfase na autonomía e a responsabilidade individual, que influíu profundamente na concepción arendtiana do xuízo e a acción política. Arendt retomou a idea kantiana do xuízo reflexionante, aplicándoa ao ámbito político e moral, destacando a capacidade dos individuos para xulgar sen recorrer a regras preestablecidas. A isto súmase, a tradición clásica grega, e o existencialismo contemporáneo. A súa formación inicial con Martin Heidegger e Karl Jaspers introduciuna na fenomenoloxía e a filosofía existencial, correntes que influíron na súa análise da experiencia humana e a natureza do ser. A fenomenoloxía de Edmund Husserl, coa súa énfase na intencionalidade da conciencia e a importancia da experiencia vivida, proporcionou a Arendt ferramentas para analizar a forma en que os individuos perciben e dan sentido ao mundo. O existencialismo de Jean-Paul Sartre, coa súa énfase na liberdade, a responsabilidade e a angustia existencial, resonou coa preocupación de Arendt pola condición humana nun mundo marcado pola incerteza e a violencia. Porén, o seu pensamento transcendeu estas influencias, desenvolvendo unha perspectiva orixinal que combinaba a reflexión filosófica coa análise histórica e política.

Comprensión do texto:

Neste fragmento de "Os orixes do totalitarismo", Hannah Arendt desvela a esencia da dominación totalitaria, un sistema que transcende a mera opresión política para adentrarse na aniquilación da condición humana. A comparación entre a iniciativa intelectual e artística

e a do gángster subliña a percepción totalitaria de ambas como ameazas, xa que desafían o control absoluto do réxime.

A idea principal do texto é a incompatibilidade do totalitarismo coa espontaneidade e a liberdade.

O réxime busca erradicar a capacidade de pensar, crear e actuar autonomamente, xa que aspira a un mundo predicible e controlado, onde cada individuo sexa un mero reflexo da ideoloxía dominante. Esta idea vincúlase coa concepción arendtiana do totalitarismo como un sistema que destrúe a esfera pública e aniquila a pluralidade. Para logralo, o réxime emprega a propaganda e o terror, ferramentas que crean un mundo de ficción e paralizan á poboación. “A eliminación da iniciativa intelectual e artística” é crucial para o totalitarismo, xa que o réxime substitúe a persoas talentosas por individuos mediocres e leais, cuxa falta de pensamento crítico garante a súa obediencia. Esta substitución asegura a estabilidade do réxime, xa que os individuos carentes de autonomía son fáciles de manipular. Como podemos observar no texto o rexime prefire individuos “fanáticos e tolos nos que a carencia de intelixencia e de creatividade segue a ser a mellor garantía da súa lealdade”.

O totalitarismo diferénciase radicalmente dos réximes autoritarios tradicionais porque non busca só o control político, senón a transformación da natureza humana. A súa meta é destruír a singularidade do individuo para crear un "novo tipo de ser humano" plenamente predicible. Baixo o dominio totalitario, a ideoloxía convértese nunha verdade absoluta que anula a realidade dos feitos, sostida polo terror e pola figura do líder. Neste sistema, a espontaneidade e a capacidade de iniciar algo novo son eliminadas, transformando ás persoas en masas atomizadas, seres superfluos que perderon a súa capacidade de pensar por si mesmos e de xulgar moralmente as súas accións.

O fragmento tamén revela a noción do **mal radical**, que se manifesta na vontade de destruír a propia humanidade. O totalitarismo busca aniquilar a capacidade de pensar e sentir, convertendo aos humanos en instrumentos do réxime. Este proceso inclúe matar á persoa xurídica, negando os dereitos básicos, matar á persoa moral, destruindo a capacidade de distinguir o ben do mal, e destruír a individualidade, transformando aos individuos en masas homoxéneas. Os campos de exterminio son a culminación deste proceso, onde se busca a aniquilación total da individualidade e a transformación dos seres humanos en meros espécimes da especie.

Podemos relacionar o fragmento coa idea do mal banal, que Arendt desenvolveu en "Eichmann en Xerusalén". A substitución de talentos por fanáticos mostra como persoas comúns poden perpetrar o mal, non por maldade intrínseca, senón pola súa incapacidade de pensar e xulgar. A lealdade incondicional ao réxime e a falta de responsabilidade individual son as características do mal banal, que permite que o totalitarismo prospere.

RELACIÓN CON PENSADORES POSTERIORES

A influencia de Hannah Arendt esténdese a través de diversas disciplinas, impactando profundamente a pensadores contemporáneos como Jürgen Habermas, Sheldon Wolin e Judith Butler.

Habermas, coñecido pola súa teoría da acción comunicativa, atopa en Arendt unha fonte crucial para a súa reflexión sobre a esfera pública e a democracia; a preocupación de Arendt pola acción política e o discurso público resoa na idea habermasiana dunha esfera pública onde os cidadáns participan no debate racional, e ambos comparten a inquietude pola erosión da esfera pública e a importancia da participación cidadá.

Wolin, un teórico político, baséase na análise de Arendt sobre o totalitarismo para desenvolver o seu concepto de "**democracia totalitaria**"; a crítica de Arendt aos réximes autoritarios proporciona a Wolin un marco para analizar as tendencias antidemocráticas nas sociedades contemporáneas, e Wolin comparte a preocupación pola perda de participación cidadá e as consecuencias que isto leva para a democracia.

Butler, unha filósofa e teórica de xénero, inspírase no concepto arendtiano da performatividade da acción para a súa teoría da performatividade de xénero; a análise de Arendt sobre como as accións e o discurso constrúen a realidade política inflúe na comprensión de Butler sobre como se constrúen as identidades de xénero.